

ASOCIACIÓN XUVENIL XENTENOVA

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN NAS ACTIVIDADES DO CURSO 2020-2021 DURANTE A CRISE SANITARIA DO COVID-19 E OBRIGAS DOS PARTICIPANTES PARA PARTICIPAR NAS MESMAS

Seguindo as recomendacións e exixencias das autoridades sanitarias, a **Asociación Xuvenil XentenoVA** elabora este protocolo que terá que ser lido e aceptado por todos os participantes, animadores/as e traballadores que asistan ás actividades.

MEDIDAS PREVIAS AS ACTIVIDADES:

- **Todos os asistentes deberán asinar unha Declaración Responsable** de proxenitores/titores, animadores e traballadores onde garantan que a saúde do neno/a ou a súa propia durante os 14 días previos á entrada nas actividades foi a axeitada e non sufriu nin tose, nin febre, nin cansazo ou falta de aire; así como que non estivo en contacto con ninguén con dita sintomatoloxía.
- **O pai/nai/titor legal facilitará un número de teléfono de contacto** para a súa localización en caso necesario. Así mesmo dará o seu consentimento para que dito teléfono poida ser facilitado ás autoridades sanitarias en caso de ter que activar o protocolo de emerxencia.
- **A entidade porá carteis de sinalización** de separación entre participantes, e de normas sanitarias de protocolo a entrada e no interior, visibles en todo momento.

MEDIDAS PARA A ACOLLIDA DE CADA DÍA:

- Verificar que non se identificou ningunha situación que contraveña a Declaración Responsable.
- Tomar a temperatura con termómetro sen contacto, se a situación nese momento o require.
- Será obrigatorio o uso obrigatorio de máscara en todas as actividades, especialmente cando se acceda ao local social. Cada participante achegará a súa máscara propia da casa.
- Procederáse á desinfección de mans e/ou calzado, sempre que se entre nas instalacións.
- Manterase a distancia de seguridade saudando sen contacto.
- Levarase un rexistro diario de todas as persoas, tanto participantes, animadores e traballadores, con fines de notificación e illamento en caso de ser necesario.
- Cada participante deberá confirmar con antelación a súa asistencia ás actividades de maneira que se poidan calcular os grupos, ratios, e aforo do local. (O aforo nas actividades realizadas en interior estará supeditada ás esixencias das autoridades en cada momento concreto)

MEDIDAS PARA A SAÍDA DE CADA DÍA:

- Informar á persoa que recolle ao participante se houbo algunha incidencia.
- Desinfección de mans.
- Manter a distancia de seguridade despedíndose sen contacto.

MEDIDAS DE SEGURIDADE DURANTE AS ACTIVIDADES:

- Uso de máscara en todo momento.
- Lavado de mans cada vez que se entre e se saia das instalacións, antes da merenda, despois de ir ao baño, entre cada actividade, etc.

- Non tocar o nariz, a boca ou os ollos coas mans. En caso de ter que facelo, desinfectándose previa e posteriormente.
- Tusir e esberrar sempre na cara interior do cúbado ou nun pano desbotable e desinfectando ben despois a zona.
- Os participantes realizarán as actividades en grupos reducidos seguindo a recomendacións e esixencias das autoridades competentes en cada momento concreto.
- Evitar o contacto entre as distintas persoas presentes mantendo a distancia interpersonal de a lo menos 1,5 metros sempre que sexa posible.
- Deberán usarse as papeleiras en todo momento.
- Non se deixará ningún material persoal nin da asociación apoiado en zonas comúns nin no chan.
- Cada rapaz, de ser o caso, achegará o seu propio material escolar: estoxo, bolígrafos, lapis, goma, afialapis... todo aquilo que necesiten e non poderá ser compartido.
- Cada participante achegará a súa propia botella ou cantimplora de auga, que non se poderá reencher nin compartir.
- Cada rapaz, de ser o caso, achegará a súa merenda individual e non poderá ser compartida con outros participantes.

MEDIDAS DE SEGURIDADE COS MATERIAIS DE ACTIVIDADE COMPARTIDOS ACHEGADOS POLA ENTIDADE (material deportivo, de xogos, etc):

- O material será desinfectado ao inicio da actividade.
- Unha vez realizada a actividade, o monitor/a designado/a procederá á súa desinfección con produtos homologados correspondentes.

MEDIDAS DE SEGURIDADE NO BAÑO:

- O baño estará limitado a unha persoa por vez, independentemente do uso que se lle dea.
- Desinfección de mans antes de entrar.
- Tirarase da cadea coa tapa baixada.
- Queda totalmente prohibido beber das billas.
- Lavado de mans ao saír.

MEDIDAS PARA A LIMPEZA DO LOCAL:

- Nas tarefas de limpeza e desinfección prestarase especial atención ás zonas de uso común e ás superficies de contacto máis frecuentes, como pomos de portas, mesas, mobles, pasamáns, chans, teléfonos, perchas e outros elementos de similares características.
- Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recentemente preparada ou calquera dos desinfectantes con actividade viricida que se atopan no mercado e debidamente autorizados e rexistrados. No uso dese produto respectaranse as indicacións da etiqueta.
- Débese realizar ventilación nas instalacións, mantendo abertas as portas e as ventás todo o tempo que sexa posible.
- As papeleiras deberán baleirarse unha vez ao día.
- Desinfección diaria das instalacións.
- Os baños deberán limparse e desinfectarse a miúdo.

AS PERSOAS PARTICIPANTES NAS ACTIVIDADES ESTÁN OBRIGADAS A:

- Non acudir á actividade se durante os 14 días previos á entrada á actividade padeceu tose, febre, cansanzo ou falta de aire. Ademais de non haber estado en contacto con ninguén con dita sintomatoloxía.
- Incorporarse á actividade nos prazos e horarios establecidos.
- Acudir á actividade cumprindo con todas as medidas ditadas polas autoridades sanitarias, debendo achegar máscara.
- A non abandonar a actividade sen autorización da persoa responsable da mesma.
- A respectar as normas establecidas polos animadores/as.

RECOMENDACIÓNS PARA OS PARTICIPANTES:

- Asistir a actividade con roupa e calzado cómodo, que permita xogar e facer obradoiros.
- Achegar auga para uso persoal cada día.
- Achegar merenda persoal de ser o caso dependendo da actividade.
- Achegar o material escolar propio que se precise se a actividade o require.

E para que así conste, asino en Vigo, a 1 de Outubro de 2020



Asociación Xuvenil
CIF.: G-36.636.538
www.xentanova.org
Ana Pita Fernández
Presidenta da A.X. Xentanova